

Orzamentos Xerais do Estado 2020.

CIG-Saúde esixe a recuperación salarial e a clasificación profesional, para todas as categorías, segundo o artigo 76 do Estatuto Básico da/o Empregado Público.

Todos os grupos políticos do estado afirman ser os defensores da sanidade pública e das/os súas/seus traballadoras/es, máis ningún ten un **proxecto para devolvernollos os nosos salarios e os postos de traballo amortizados desde o ano 2010.**

Seguemos a estar **sen proposta salarial para recuperar os recortes do ano 2010, sen plano de emprego que anule a taxa de reposición, e sen a reclasificación profesional pendente** desde o ano 2007.

Desde **CIG-SAÚDE**, un ano máis, cando haxa “novo goberno” e “ministra/o das Administracións Públicas”, imos **presentar na mesa xeral de empregadas/os públicos do estado as seguintes propostas:**

Eliminación da taxa de reposición:

O goberno do estado ten que por fin aos límites nas ofertas de emprego público.

Recuperación, para todos os colectivos, do 5% recortado no ano 2010.

Recuperación do 100% do soldo base e dos trienios nas pagas extras:

A1. Ten que recuperar o 46.3%	A2. ten que recuperar o 32.8%	C1. Ten que recuperar o 17%	C2 .Ten que recuperar o 1.3%
--	--	--	---

Clasificación profesional e pago das retribucións correspondentes. (Pendente desde o ano 2007)

Estatuto Básico da/o Empregada/o Público: Artigo 76. Grupos de Clasificación profesional

Clasificación profesional		Retribución que corresponde	
Grupo A.	Dividido en dous Subgrupos: A1 e A2	Adaptar o soldo base e os trienios á nova clasificación. Negociación do resto de complementos.	
Grupo B.	Técnico Superior de Formación Profesional	Soldo base: 889.68 €	Trienios: 32.41 €
Grupo C1.	TCAES. Técnicos F.P. Grao Medio.	Soldo base: 764.19 €	Trienios: 27.95 €
Grupo C2.	Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Agrupacións Profesionais.	Soldo base: 636.01 €	Trienios : 19.02 €

A estas cantidades seranlle de aplicación os incrementos salariais que se produzan no ano 2020.

CIG-SAÚDE vai esixir que todas as categorías de persoal do SERGAS se inclúan na clasificación profesional do Artg. 76 do EBEP.

Non podemos ter grupos profesionais fora desta clasificación.